

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2020/20	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Cumprimento de prazos establecidos para a aprobación do "Plan de Acción para o Clima y Energía Sonstenable A Estrada (Galicia)", aos efectos de xustificar subvención.»
Data	23 de novembro de 2020
Duración	Desde as 20:35 ata as 21:29 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Secretaria	MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
██████████	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
██████████	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
██████████	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
██████████	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	NON
██████████	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
██████████	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	NON
██████████	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
██████████	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
██████████	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
██████████	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
██████████	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
██████████	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ

Concello da Estrada



	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	M ^ª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 4526/2020. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE, RELATIVO Á APROBACIÓN DO "PLAN DE ACCIÓN PARA EL CLIMA Y ENERGÍA SOSTENIBLE A ESTRADA (GALICIA)".

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Concédeselle a palabra ao Concelleiro delegado de Rural e Medio Ambiente, **D. Juan M. Constenla Carbón**, quen procede a explicar este punto, así di que a adhesión ao “Pacto de las Alcaldías por el Clima y la Energía” ten por obxectivo a redución nun 40% as emisións de CO2 antes do ano 2030 e, como se pode ver no Plan, o medio que máis emite CO2 é o transporte privado e o de mercadorías, recollendo as accións a levar a cabo para que reduza esas emisións de cara ao 2030.

Pide a palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para dicir que a xustificación de convocar esta sesión extraordinaria para tratar este Plan é o xustificar antes do día 30 deste mes os gastos da elaboración deste Plan por mor de estar financiado con 11.000,00 € por unha subvención da Xunta de Galicia (PACES), entendendo que houbo unha falta de planificación e de previsión por parte do grupo de goberno, xa que a data da convocatoria desta subvencións foi o 5 de maio; polo anterior considera que esta proposta se puido haber traído antes.

En canto á redacción do Plan, dálle a impresión que a empresa IDOM o fixo de presa e correndo

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





pola existencia de varias erratas e, ademais, revela, en atención aos seus contidos, que a súa prioridade é cero para o grupo de goberno e, concretamente, para a área de medio ambiente. Continúa dicindo que se trata dun Plan que sacará adiante o grupo de goberno, xa que o resto dos grupos políticos non tiveron oportunidade de participar, non contando tampouco cos axentes sociais do noso Concello; polo tanto só IDOM e o grupo de goberno participou na súa redacción e formación, o cal se nota, xa que nel recóllense varios datos falsos, un deles é que hai un 90% de saneamentos feitos no noso concello; ademais figuran datos que deberían de ser aclarados, por exemplo, neste Plan dise que se recicla entre un 14% ou 15% os residuos, cando o propio goberno presume en prensa da gran labor que se fai nesta materia; tamén debería aclarar cal é o dato verdadeiro, o 40% de cobertura de fibra óptica no rural que recolle o Plan e que está moi por debaixo da media galega e española, ou ben o 85% do que presume o grupo de goberno. Considera que este Plan debería fixar na súa parte analítica unha foto ou postura sobre como está A Estrada hoxe en día en relación cos temas analizados e, a partires de aí, intentar mellorar esa posición mediante as actuacións que pretenden atacar, pero cos datos que se contemplan e que lle parecen totalmente irreais as actuacións que se derivan del non van a estar atinadas, porque este Plan deberían pretender actuacións que tiveran un impacto real sobre as necesidades do noso concello.

Di que está de acordo coa adhesión ao “Pacto de las Alcaldías por el Clima y la Energía”, lembrando que no seu momento advertiu que a adhesión facíase tarde e, polo tanto, sería difícil acadar os obxectivos fixados, sendo imaxe desa tardanza o Plan que se presenta aquí, feito de xeito rápido e prevendo uns obxectivos que considera inalcanzables, porque, entre outras cousas, o aforro nas emisións están dimensionadas e, ademais, son difíciles de contrastar, porque nas páxinas 67 e 68, onde figuran os cadros de aforro na pegada de carbono, outorgáselle un aforro de emisións de CO2 á creación de prazas de aparcamento para vehículos con baixas emisións, non sabendo como se pode cuantificar así; tamén se prevé un aforro na pegada de carbono na modificación de Ordenanzas fiscais mediante a oferta de bonificacións no IVTM, o cal tampouco se pode cuantificar dun xeito directo, é dicir, o feito de que se creen prazas de aparcamento para estes vehículos non vai a ter un impacto directo sobre as emisións. En cambio hai outras actuacións, como a mellora da eficiencia nas rutas que utilizan os vehículos municipais, as cales si son cuantificables, ao igual que a renovación da frota de vehículos municipais por outros máis sostibles e con menores emisións. Polo anterior reitera a carencia do Plan de datos obxectivos que respalden este aforro no nivel de emisións de CO2.

Ante o manifestado reitera que trátase dun documento carente de datos concretos e que non se cingue a datos reais da Estrada, plantexando uns obxectivos para o ano 2030 inalcanzables, porque moitas das propostas que se inclúen no Plan se pensan en dous días pero non teñen maior desenvolvemento, carecendo, ademais, de actuación decisiva, tal e como fixo o Concello de Silleda, o cal fixo unha rede de calor que supón un forte impacto para as emisións de CO2. Finalmente o seu grupo votará a favor deste Plan, porque está ven telo e ademais por estar subvencionado pola Xunta de Galicia, pero recalca as numerosas eivas que se observa no seu contido e que haberán que subsanar posteriormente co fin facelo útil para a nosa veciñanza.

Intervén a voceira do grupo municipal de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, manifestando que, máis alá da redacción do documento, o coidado do planeta é algo que non podemos obviar e no que temos que traballar conxuntamente mediante actuacións concretas que nos permitan avanzar para contribuír nese gran obxectivo; polo que, independentemente do que se poña no





Plan, o importante é que traballemos, dentro da nosa capacidade, para que A Estrada se una no coidado do planeta.

En canto ao contido do Plan, di que do mesmo se desprende a necesidade de avanzar cara a un transporte público de calidade, converténdose nunha alternativa ao vehículo privado, polo que haberá que buscar a fórmula para acadar ese obxectivo. Tamén considera importante avanzar na erradicación dos vertidos residuais nos ríos, nos saneamentos do rural, mellorar o sistema de depuración, etc., polo que é imprescindible empezar a tomar medidas e actuacións tendentes á consecución destes fins.

Polo dito, o seu grupo votará a favor da proposta que se está a tratar, pero non polo que recolle o documento, senón por tratarse dun tema importante a afrontar.

Pide a palabra a voceira do Grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para dicir que o Plan que se presenta aquí contén algunha cousa boa, pero dun xeito moi superficial; basicamente observa que faise unha análise moi xenérica e moi pouca profunda dun problema existente e que necesitaría dunha avaliación para coñecer cales son as causas reais no noso concello e así afrontar unha crise económica de nivel global, é dicir, saber o que se pode aportar, sen embargo, este Plan contén solucións moi xeneralizadas e sen análises concretas para a problemática deste concello, por exemplo, non se analiza o volume de emisións producidas no noso municipio pola gandería, fábricas, transporte público, etc., considerando que podería haberse redactado moito mellor; ademais, preocúpalle que as medidas que se pretenden tomar afecten á economía individual dos nosos veciños, xa que a renovación do parque móbil municipal será un esforzo para as arcas públicas, o mesmo que a renovación polos veciños dos seus vehículos, porque hai que ter en conta que os ingresos medios rondan os trece mil euros.

Por outra banda, considera que este Plan é moi pouco detallado, exemplo diso é que se fala de optimizar as rutas, pero non di como facelo, algo repetitivo ao longo de todo o documento, ou sexa, fálase de medidas sen detallar o como adoptalas e facelas. En definitiva, estamos ante un Plan xeral, que tanto se pode aplicar no Concello da Estrada como noutro calquera.

Traslada que lle gustaría saber de onde proceden os datos que se recollen no Plan, por exemplo, os gráficos que se fan das parroquias están quitados da páxina web “forociudad.com”, deixando constancia da pouca dedicación para a súa redacción e a falta de análise concreta do noso concello, o que pode provocar que se tomen decisións ou solucións que non se adecúen ás necesidades reais do noso municipio.

Para rematar traslada o seu voto a favor da aprobación deste Plan, non polo seu contido, senón porque todo o que se vaia asumindo para a defensa do medio ambiente é importante e necesario, reiterando que dito Plan é moi xeral quitando conclusións que non sabe de onde veñen e que non ten en conta moitos factores, como por exemplo as emisións que proveñen da Central de As Pontes e de Meirama e que teñen moitísima incidencia sobre o noso concello e que, en determinado momento, poden incidir nas medicións que se fagan. Polo manifestado, di que lle gustaría que cando se fixeran determinados estudos e se fose avanzando no Plan se contemplaran as fontes de onde se sacan os datos, para así poder os grupos da oposición aportar datos e solucións.

O **Sr. Alcalde** agradece o apoio dos grupos da oposición, coincidindo nalgúns aspectos destacados por parte dos seus voceiros, porque estamos ante un documento base ao que nos obriga ese Pacto de Alcaldes e a partires do cal hai que traballar, deste xeito este documento





transversal irá tomando forma a medida que se vaian tomando decisións políticas durante os vindeiros anos e adoptando medidas concretas, esperando que se cheguen a acordos unánimes para poñelas en execución. Matiza que unha parte importante de CO2 provén da actividade privada, sendo necesaria a posta en práctica de campañas de sensibilización, aportar alternativas e deseñar plans novedosos, pero o seu desenvolvemento será a partires de ter este documento de referencia.

En canto aos obxectivos que fixa o Plan, son aqueles que esixe o propio acordo, é dicir, a redución do 40% que esixe a Unión Europea a todos os países integrantes.

Para rematar, di que se trata dun proxecto moi ambicioso e que suporá moito traballo e moitas políticas de actuación que afectarán á circulación de vehículos, ás caldeiras de combustión, ao consumo eléctrico, etc., pero o planeta necesita un compromiso de todos os dirixentes das administracións para, entre todos, poder avanzar na loita contra a contaminación do noso medio ambiente. En definitiva, espera que vaíamos tomando decisións conxuntas nas mesas de traballo que se realizarán para ir adoptando as políticas e outras medidas para poñer en marcha este Plan.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación este asunto, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 11/11/2020, en relación ao asunto que se trata de seguido.

Visto que o Concello da Estrada adheriuse o día 3 de outubro de 2019 de forma voluntaria á iniciativa europea “Pacto de las Alcaldías por el Clima y la Energía”, asumindo os obxectivos en materia de mitigación de emisións de CO2 e adaptación ao cambio climático definidos no novo marco de actuación en materia de clima e enerxía que a UE traslada, a través deste proxecto, ás autoridades locais dos estados que a integran.

Visto que unha das obrigas derivadas da adhesión ao indicado Pacto é a aprobación dun “Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible”.

Visto que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, concedeu a este Concello unha subvención para a elaboración do Plan.

Visto o “Plan de acción para el Clima y la Energía Sostenible A Estrada (Galicia)” de data novembro/2020.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente na sesión celebrada o 16/11/2020.

Visto o debatido nesta sesión.

ACORDAMOS:

Aprobar o “PLAN DE ACCIÓN PARA EL CLIMA Y LA ENERGÍA SOSTENIBLE A ESTRADA (GALICIA)”.

Expediente 3170/2020. DITAME DA COMISIÓN INFORME DE RURAL E MEDIO AMBIENTE EN RELACIÓN Á MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL BNG





POLA QUE SE PROPÓN A IMPLANTACIÓN DA FIBRA ÓPTICA EN TODO O RURAL ESTRADENSE.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento



Cod. Validación: RQQE7Z9KTKM6S3FF7SL4K3G4P | Corrección: <https://aeistrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 14

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Por tratarse dunha moción presentada polo Grupo Mixto (BNG), se lle concede a palabra á súa voceira, **Dna. Susana Camba Castro**, que pasa a expoñer a moción que se transcribe literalmente de seguido:

“Hai máis de 20 anos que se popularizou o uso de internet, e hoxe está presente en todos os aspectos das nosas vidas, desde os ordenadores persoais, teléfonos até nas televisións, pero tamén na administración pública, empresas e comercios. Internet é imprescindible para o día a día de todos os veciños e veciñas, tanto para o ocio como para pedir unha cita médica no SERGAS ou presentar a declaración da renda, pasando polo envío dun proxecto comercial á outra punta do planeta. Internet é unha peza fundamental na competitividade das empresas. Mais, á marxe dos usos comerciais e lúdicos, internet é hoxe unha peza clave para a liberdade de expresión ao tempo que incrementa significativamente a capacidade das persoas para acceder e divulgar información.

Así, en 2011, a asemblea xeral das Nacións Unidas declarou o acceso a internet como un dereito humano, por ser unha ferramenta que favorece o crecemento, o progreso da sociedade e a liberdade de expresión.

Con todo, a pesar das evidentes luces que ten internet, tamén ten aparelados problemas evidentes como o prezo e os problemas de acceso por mor dun servizo que está en exclusiva en mans privadas, no que prima o beneficio empresarial por enriba do servizo público, o que está a provocar o que se coñece como fenda dixital, tanto por motivos económicos como polo despregue da infraestrutura necesaria para acceder a internet en igualdade de condicións.

Hai poucas semanas o alcalde da Estrada daba a coñecer a intención de diversas operadoras de telecomunicacións para despregar no rural a fibra óptica. Nas súas declaracións aos medios afirmaba que a finais de 2021 o despregue da fibra óptica chegaría ao 51% dos núcleos rurais, mais obvia dicir, que o 49% dos núcleos restantes terán que seguir agardando e o que é peor, os veciños e veciñas que non teña fibra óptica terán que sufrir os prezos abusivos de Movistar, por un servizo con peores prestacións, xa que ten o monopolio do acceso a internet no rural.

Esta empresa fai un uso abusivo da súa posición dominante no rural do noso concello, cuxa rede de telecomunicación se despregou (e se desprega) a base de subvencións das administracións públicas. A todo isto cómpre recordar que a empresa matriz de Movistar é Telefónica, unha empresa pública privatizada nos anos 90 do pasado século. Un dos argumentos dos defensores da privatización era o aumento da competencia e a baixada de prezos, porén no noso rural foi xusto o contrario, peor servizo (en núcleos como Vilancosta en Berres, aínda están coa “tecnoloxía” TRAC, inútil para conectarse a internet), e prezos abusivos por servizos con peores prestacións. A modo de exemplo, un veciño de Ramirás (Santo André de Vea) pode conectarse a internet a través de fibra óptica por un prezo de 50 € mes, mentres que en Murxide (tamén na mesma parroquia), pagan 70 € ou máis por conectarse a internet a través de ADSL, cuxas prestacións técnicas e acceso a servizos nada ten a ver co fibra.

Esta estratexia empresarial de Movistar conculca a Lei 15/2007, de 3 de xullo, de Defensa de la Competencia (LDC), que no seu artigo 2 indica que “queda prohibida a explotación abusiva por unha ou varias empresas da súa posición de dominio en todo ou en parte do mercado nacional” (sic), engadindo no apartado A que o abuso poderá consistir na “imposición, de forma directa ou indirecta, de prezos ou outras condicións comerciais ou de servizos non equitativos”.





A estratexia monopolística que practica Movistar no rural tamén impide que outras empresas de telecomunicacións ofrezan un servizo equivalente a prezos competitivos, o que incumpre o apartado D do artigo 2 da citada Lei 15/2007, deixando ás empresas competidoras nunha situación desvantaxosa, e o que é peor, aos veciños e veciñas sen alternativa para acceder a internet que non pase por Movistar. Seguindo cos exemplos, a operadora Orange ofrece o servizo de conexión a internet a través de ADSL no rural, mais a unha velocidade máis reducida que a que ofrece Movistar.

O concello da Estrada non pode permanecer impasíbel, mentres determinadas operadoras estafan aos nosos veciños e veciñas do rural, cobrándolles prezos abusivos por un peor servizo. Por outra parte, o noso concello non pode aceptar que un dereito humano básico, como é o acceso a internet, se espalle polo rural en función dos intereses económicos dunha empresa que recibe subvencións públicas para tecer a súa rede. Os dereitos teñen que chegar a todos os veciños e veciñas por igual, independentemente dos intereses da empresa ou da demanda existente.

En outubro de 2015, o actual presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, presentaba o “Plan de Banda Larga de Galicia 2020” para que “os galegos teñan acceso equitativo a redes ultrarrápidas de telecomunicacións”. O obxectivo deste plan é de que a “práctica totalidade da poboación galega (96%) e todos os polígonos e parques empresariais” dispoñan de banda ampla. Obvia dicir que estamos moi lonxe de acadar o obxectivo anunciado polo presidente da Xunta, ampliándose a fenda dixital entre os veciños e veciñas do rural a respecto dos que viven na vila.

A crise sanitaria e social provocada polo COVID19 puxo en evidencia o grave problema que supón a fenda dixital existente entre o rural e a vila para poder tele-traballar e a tele-educación. Se queremos asentar poboación no rural, os servizos teñen que chegar a todos os veciños e veciñas por igual, non pode haber discriminacións de ningún tipo. No rural da Estrada vive máis da metade da poboación do noso concello, onde hai explotacións agrarias, empresas, comercios e autónomos e autónomas, que necesitan infraestruturas do século XXI para poder tele-traballar ou para a tele-educación. E necesítano xa.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG propón ao Pleno da corporación o seguinte ACORDO:

- 1. Insta ao goberno municipal a facer un estudo da situación da rede telefónica do noso concello para detectar aqueles núcleos onde é imposible acceder a internet por cable.*
- 2. Insta ao goberno municipal da Estrada a facer as xestións oportunas diante da Xunta de Galiza e do Goberno central para o despregamento da fibra óptica en todo o territorio do noso concello en igualdade de condicións para todos os veciños e veciñas.*
- 3. O goberno municipal elaborará un informe das tarifas e prestacións do acceso a internet no rural da Estrada para detectar posibles prácticas monopolísticas por parte das operadoras. Este informe remitirase a todos os partidos políticos con representación no pleno do concello, así como a comisión correspondente, que analizará se procede presentar unha denuncia perante a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia.”*

Despois de dar lectura a súa moción, a Sra. Camba Castro, lembra que na Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente á que se someteu a súa moción, ditaminouse modificar o punto 3 da súa proposta de acordo, quedando redactado do seguinte xeito: Instar á Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia para detectar posibles prácticas monopolistas por parte das

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: RQCE7Z9KTKM6S3FF7SL4K3G4P | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 14



operadoras.

O **Sr. Alcalde** aclara cales son os acordos que se someterán a votación:

Primeiro.- Instar ao Goberno municipal a facer un estudo da situación da rede telefónica do noso Concello para detectar aqueles núcleos onde é imposible acceder a internet por cable.

Segundo.- Instar ao Goberno municipal da Estrada a facer as xestións oportunas diante da Xunta de Galiza e do Goberno central para o despreque da fibra óptica en todo o territorio do noso Concello en igualdade de condicións para todos os veciños e veciñas.

Terceiro.- Instar á Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia para detectar posibles prácticas monopolistas por parte das operadoras.

Pide a palabra o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, quen manifesta estar de acordo co recollido na moción e coas finalidades que se perseguen cos acordos propostos, entendendo a motivación do estudo da cobertura e, a este respecto, di que xa hai datos de cobertura en toda España publicados na páxina web, pero considera que ese estudo deberíase facer de xeito particular a nivel da Estrada co fin de coñecer cales son eses outros problemas que fan que o acceso a internet non sexa viable nalgúns lugares do noso rural.

En canto as prácticas monopolistas, lle parece moi acertada a modificación do acordo recollido no punto 3, aínda que sendo realista non lle ve un percorrido moi longo.

Entende que fibra é o medio actual máis veloz para a comunicación por internet e que as administracións, tanto a nivel europeo como nacional, están a facer un esforzo no patrocinio da chegada de internet ao rural, pero tamén entende que temos que apostar polo futuro, futuro que pasa polas redes en fío, polo 4G e polo 5G, considerando que A Estrada debería de apostar dende xa por estas tecnoloxías, xa que todas as operadoras van a apostar polo 5G por abri-lle o seu negocio a practicamente todo o mundo cunha ampliación de velocidade e de ancho de banda, ademais de ofrecerlles un custos ínfimos por mantemento desa rede. Polo anterior, reitera que A Estrada debe ir por esa vía, por ser a máis realista e a que cubrirá os servizos que demandan os veciños e veciñas (internet operativo rápido). Polo anterior, considera que o Concello debería instar ás compañías telefónicas para que mellore a cobertura móbil e a de datos e así eliminar todas as zonas de sombra e, deste xeito, facer chegar ao rural rural esta tecnoloxía de internet 5G, porque a curto prazo as compañías adaptaranse a esta nova tecnoloxía, quedando quizais obsoleta a fibra óptica.

Continuando, lembra que o grupo de goberno xura que ten o 85% do rural cuberto de fibra óptica, pero iso non quere dicir que o 85% dos veciños ou das vivendas a teñan, polo que se están a enmascarar os datos, porque ter unha caixa con terminación de fibra non quere dicir que os veciños a teñan, ademais hai que ter en conta as tecnoloxías dispoñibles, exemplo diso é o que ocorre na parroquia de Loimil.

Tamén cre que deberíase dar unha volta á situación en que queda A Estrada Dixital, preguntando cal é a estratexia ao respecto, porque temos un activo que temos que revalorizar e impulsar dunha forma decidida esta parte da Fundación que temos esquecida.

Remata dicindo que, por coincidir cos acordos que se van a tomar, o seu grupo vai a votar a favor.





Toma a palabra a voceira do grupo **MÓVETE**, **Dna. Mar Blanco Casais**, transmitindo a súa conformidade co fondo da moción por considerar que internet é un servizo básico e fundamental para toda a poboación; e así o entende a Unión Europea cando traslada o obxectivo de que o 95% dos núcleos rurais teñan acceso a internet de alta velocidade.

Lembra que o seu grupo propuxo anteriormente que se informara a través da páxina web municipal acerca dos avances que se están dando na Estrada en materia da extensión da banda ancha, con detalle das zonas onde hai conexión e que lugares serán os próximos en estar dotados deste servizo.

Finalmente, manifesta que o seu grupo votará a favor.

Intervén o **Sr. Alcalde** para dicir que o grupo de goberno ten moi claro que estamos a falar dun servizo fundamental, sinal diso é que se está a traballar coas compañías operadoras dende fai tempo, exemplo é a transformación en materia de internet que experimentou o noso concello dende o ano 2017, a pesares da dificultade que supón xestionar cunha multinacional como é Telefónica, sen embargo se puido acadar un compromiso con esta e que deu lugar aos resultados actuais.

Por outra banda, quere aclarar que nunca dixo que se tivera o 85% de cobertura no rural, senón que existe o compromiso da compañía para que a finais do ano 2021 se teña unha ratio de cobertura do 85%.

Aclara que estase compensando esta situación da fibra óptica no rural co traballo da Estrada Dixital e, coincidindo co voceiro do grupo socialista, esta ten que reinventarse, porque fai 20 anos presentou un proxecto innovador facendo unha gran labor de prestación do servizo de rede datos a un gran porcentaxe da poboación, ademais, a todas aquelas persas que demandan a conexión á rede de alta velocidade pero que na súa zona carecen de infraestrutura para elo, estáselle solucionando o problema grazas á Estrada Dixital, pero é verdade que ten que evolucionar, estando convencido que no período 2021-2027 esta poderá optar a moitos fondos para o desenvolvemento territorial e destinados ao desenvolvemento tecnolóxico e así poderá actualizarse, debendo anticiparse e traballar en proxecto diferenciais acolléndose a eses fondos europeos entre os cales existirá un para atraer poboación ao rural.

Continúa explicando que deses fondos nútrense as compañías de telefonía, pero ditos fondos son limitados, polo que, cando Telefónica inverte na Estrada non pode inverter noutro lugar, porque, como saben todos, hai unha páxina do Ministerio onde están marcadas as zonas grises e as zonas brancas, as grises son as que teñen previsión de cobertura de internet en tres anos e as brancas son aquelas onde non hai previsión de que algunha compañía lle de cobertura; pois ben, A Estrada e toda Galicia están incluídas nesas zonas brancas, así as compañías acceden a uns fondos cada ano, nos cales estamos incluídos máis de 8.000 concellos de España e todos os núcleos poboacionais de toda o país, e se va actuando por caixa de fibra, é dicir, a compañía coloca unha caixa de fibra e, a partires de aí, vaise estendendo a núcleos poboacionais, sendo este o obxectivo que actualmente ten este Concello, de feito hai un Plan de Expansión que Telefónica está a cumprir, esperando que no ano 2021 ese 85% do noso rural teña o servizo.

Por outra banda, espera implicar á Estrada Dixital na redacción dese estudo da situación da rede telefónica do noso concello para detectar aqueles núcleos onde é imposible acceder a internet por cable, e que se recolle no punto 1 do acordo que se pretende adoptar; ademais a través deste órgano poder deseñar estratexias para que A Estrada poida estar con un proxecto piloto

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: RQCE7Z9KTKM6S3FF7S.4K3G4P | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 14



importante en materia de comunicacións.

Finalmente, traslada que o subministro deste servizo de facer chegar a banda ancha ao rural é prioritario neste momento, esperando podelo facer chegar a todo o seu territorio nos próximos anos cos traballos de Telefónica e con ese estudo tecnolóxico e futuros proxectos a elaborar conxuntamente entre todos os grupos políticos e A Estrada Dixital.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación deste asunto, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a a moción presentada con data 21/08/2020 (2020-E-RCIR-2) pola voceira do grupo Mixto (BNG), que se transcribe literalmente de seguido:

“Hai máis de 20 anos que se popularizou o uso de internet, e hoxe está presente en todos os aspectos das nosas vidas, desde os ordenadores persoais, teléfonos até nas televisións, pero tamén na administración pública, empresas e comercios. Internet é imprescindible para o día a día de todos os veciños e veciñas, tanto para o ocio como para pedir unha cita médica no SERGAS ou presentar a declaración da renda, pasando polo envío dun proxecto comercial á outra punta do planeta. Internet é unha peza fundamental na competitividade das empresas. Mais, á marxe dos usos comerciais e lúdicos, internet é hoxe unha peza clave para a liberdade de expresión ao tempo que incrementa significativamente a capacidade das persoas para acceder e divulgar información.

Así, en 2011, a asemblea xeral das Nacións Unidas declarou o acceso a internet como un dereito humano, por ser unha ferramenta que favorece o crecemento, o progreso da sociedade e a liberdade de expresión.

Con todo, a pesar das evidentes luces que ten internet, tamén ten aparelados problemas evidentes como o prezo e os problemas de acceso por mor dun servizo que está en exclusiva en mans privadas, no que prima o beneficio empresarial por enriba do servizo público, o que está a provocar o que se coñece como fenda dixital, tanto por motivos económicos como polo despregue da infraestrutura necesaria para acceder a internet en igualdade de condicións.

Hai poucas semanas o alcalde da Estrada daba a coñecer a intención de diversas operadoras de telecomunicacións para despregar no rural a fibra óptica. Nas súas declaracións aos medios afirmaba que a finais de 2021 o despregue da fibra óptica chegaría ao 51% dos núcleos rurais, mais obvia dicir, que o 49% dos núcleos restantes terán que seguir agardando e o que é peor, os veciños e veciñas que non teña fibra óptica terán que sufrir os prezos abusivos de Movistar, por un servizo con peores prestacións, xa que ten o monopolio do acceso a internet no rural.

Esta empresa fai un uso abusivo da súa posición dominante no rural do noso concello, cuxa rede de telecomunicación se despregou (e se desprega) a base de subvencións das administracións públicas. A todo isto cómpre recordar que a empresa matriz de Movistar é Telefónica, unha empresa pública privatizada nos anos 90 do pasado século. Un dos argumentos dos defensores da privatización era o aumento da competencia e a baixada de prezos, porén no noso rural foi xusto o contrario, peor servizo (en núcleos como Vilancosta en Berres, aínda están coa “tecnoloxía” TRAC, inútil para conectarse a internet), e prezos abusivos por servizos con peores prestacións. A modo de exemplo, un veciño de Ramirás (Santo André de Veá) pode conectarse a internet a través de fibra óptica por un prezo de 50 €





mes, mentres que en Murxide (tamén na mesma parroquia), pagan 70 € ou máis por conectarse a internet a través de ADSL, cuxas prestacións técnicas e acceso a servizos nada ten a ver co fibra.

Esta estratexia empresarial de Movistar conculca a Lei 15/2007, de 3 de xullo, de Defensa de la Competencia (LDC), que no seu artigo 2 indica que “queda prohibida a explotación abusiva por unha ou varias empresas da súa posición de dominio en todo ou en parte do mercado nacional” (sic), engadindo no apartado A que o abuso poderá consistir na “imposición, de forma directa ou indirecta, de prezos ou outras condicións comerciais ou de servizos non equitativos”.

A estratexia monopolística que practica Movistar no rural tamén impide que outras empresas de telecomunicacións ofrezan un servizo equivalente a prezos competitivos, o que incumpre o apartado D do artigo 2 da citada Lei 15/2007, deixando ás empresas competidoras nunha situación desventaxosa, e o que é peor, aos veciños e veciñas sen alternativa para acceder a internet que non pase por Movistar. Seguindo cos exemplos, a operadora Orange ofrece o servizo de conexión a internet a través de ADSL no rural, mais a unha velocidade máis reducida que a que ofrece Movistar.

O concello da Estrada non pode permanecer impasíbel, mentres determinadas operadoras estafan aos nosos veciños e veciñas do rural, cobrándolles prezos abusivos por un peor servizo. Por outra parte, o noso concello non pode aceptar que un dereito humano básico, como é o acceso a internet, se espalle polo rural en función dos intereses económicos dunha empresa que recibe subvencións públicas para tecer a súa rede. Os dereitos teñen que chegar a todos os veciños e veciñas por igual, independentemente dos intereses da empresa ou da demanda existente.

En outubro de 2015, o actual presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, presentaba o “Plan de Banda Larga de Galicia 2020” para que “os galegos teñan acceso equitativo a redes ultrarrápidas de telecomunicacións”. O obxectivo deste plan é de que a “práctica totalidade da poboación galega (96%) e todos os polígonos e parques empresariais” dispoñan de banda ampla. Obvia dicir que estamos moi lonxe de acadar o obxectivo anunciado polo presidente da Xunta, ampliándose a fenda dixital entre os veciños e veciñas do rural a respecto dos que viven na vila.

A crise sanitaria e social provocada polo COVID19 puxo en evidencia o grave problema que supón a fenda dixital existente entre o rural e a vila para poder tele-traballar e a tele-educación. Se queremos asentir poboación no rural, os servizos teñen que chegar a todos os veciños e veciñas por igual, non pode haber discriminacións de ningún tipo. No rural da Estrada vive máis da metade da poboación do noso concello, onde hai explotacións agrarias, empresas, comercios e autónomos e autónomas, que necesitan infraestruturas do século XXI para poder tele-traballar ou para a tele-educación. E necesítano xa.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG propón ao Pleno da corporación o seguinte ACORDO:

1. Insta ao goberno municipal a facer un estudo da situación da rede telefónica do noso concello para detectar aqueles núcleos onde é imposible acceder a internet por cable.
2. Insta ao goberno municipal da Estrada a facer as xestións oportunas diante da Xunta de Galiza e do Goberno central para o despregamento da fibra óptica en todo o territorio do noso concello en igualdade de condicións para todos os veciños e veciñas.
3. O goberno municipal elaborará un informe das tarifas e prestacións do acceso a

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: RQQE7Z9KTKM6S3FF7S.4K3G4P | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 14



internet no rural da Estrada para detectar posíbeis prácticas monopolísticas por parte das operadoras. Este informe remitirase a todos os partidos políticos con representación no pleno do concello, así como a comisión correspondente, que analizará se procede presentar unha denuncia perante a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia.”

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente, na sesión celebrada o 16/11/2020, e polo que se modifica a proposta contida na moción.

Visto o debatido nesta sesión.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Instar ao Goberno municipal a facer un estudo da situación da rede telefónica do noso Concello para detectar aqueles núcleos onde é imposible acceder a internet por cable.

Segundo.- Instar ao Goberno municipal da Estrada a facer as xestións oportunas diante da Xunta de Galiza e do Goberno central para o despregue da fibra óptica en todo o territorio do noso Concello en igualdade de condicións para todos os veciños e veciñas.

Terceiro.- Instar á Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia para detectar posíbeis prácticas monopolistas por parte das operadoras.





Non habéndose máis asuntos que tratar, levántase á sesión sendo as vinte e unha horas e vinte e nove minutos do día do seu comezo.

Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.

De todo o anterior faise cumprimento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: RQQE725KTKM6S3FF7SL4K3G4P | Corrección: <https://aesirada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 14

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233